



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

BANDO. CANS SOLTOS.

Ante os problemas que están xerando os cans soltos á cidadanía e co fin de regular algúns aspectos relativos á tenza de cans neste concello, e tendo en conta a Lei 1/1993, de 13 de abril, de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade, o decreto 153/1998 de 2 de abril, a Lei 50/1999, de 23 de decembro, o decreto 90/2002 de 28 de febreiro e o decreto 94/2008 do 30 de abril, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea o rexistro galego de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos, recórdase a todos os propietarios ou posuidores de cans, a obrigatoriedade do cumprimento da normativa e expresamente:

Os posuidores de animais que se atopen en liberdade en leiras ou recintos deberán dispoñer os medios adecuados para evitar que poidan ocasionar danos ou molestias aos viandantes. Así mesmo procurarán que a circulación e transporte dos seus animais pola vía pública lévese a cabo coas adecuadas medidas de protección.

Do cumprimento do sinalado anteriormente, o posuidor dun animal, sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria do propietario, será responsable dos danos, prexuízos e molestias que ocasione ás persoas, animais, cousas, espazos públicos ou ao medio natural en xeral, de acordo co establecido no artigo 1905 do Código Civil.

Lobios, 9 de Marzo do 2016.

A Alcaldesa.

Asdo: Maria del Carmen Yáñez Salgado.

